



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA O IMPULSO A PROXECTOS DE AUTOMOCIÓN EN GALICIA

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **Igape**), con NIF Q6550010J e domicilio no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

Doutra parte, Patricia Moreira Cortés, na súa calidade de presidenta da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (en diante, **Ceaga**), con NIF G-36.983.575, e domicilio en Avda. Citroën 3 e 5, Edificio Zona Franca 1ª planta, 36210 Vigo, elixida presidenta da Fundación o 22.03.2023 e facultada para este acto en virtude do artigo 21 dos estatutos da Fundación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que o Igape e Ceaga, entre os seus principais obxectivos teñen: fomentar a creación de novas empresas, promover a innovación, a mellora da produtividade e a competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo, no caso de Ceaga, no eido da automoción e a mobilidade.

II. Que o Igape ten como obxectivo contribuír activamente ao fortalecemento do tecido industrial galego, apoiando todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, para o que promoverá as actuacións coordinadas en colaboración coas entidades representativas do tecido empresarial en territorios onde conflúen sectores estratéxicos e especial necesidade de impulso que contribúa ao reequilibrio territorial.

Para desenvolver as diferentes liñas de actuación, o Igape debe contar, en todo caso, cos colaboradores que considere que poden achegar un valor excepcional á posta en marcha das accións. Con carácter xeral, a busca dos colaboradores axeitados poderase facer mediante convocatoria pública ou ben por singularidade e unicidade dalgunha institución ou organización para un determinado obxectivo.

III. Que Ceaga representa ao sector de automoción de Galicia. Creouse inicialmente como asociación en abril de 1997 co obxectivo de cohesionar a realidade industrial existente. Tratouse, no comezo, dunha iniciativa de 37 empresas fabricantes de compoñentes (que representaban naquel momento 1.100 millóns de euros de facturación e 5.900 empregados) que buscaban incrementar o seu nivel de competitividade e aproveitar sinerxías. O Clúster seguiu evolucionando ata converterse nun elemento chave da economía de Galicia. Actualmente Ceaga agrupa o 100% do sector de automoción de Galicia: ao fabricante, o Centro de Vigo do Grupo PSA, ao Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e a 131 empresas de compoñentes e servizos de apoio.

IV. A posta en marcha polo Igape de liñas extraordinarias de incentivos que poidan reducir os efectos negativos da situación pola que pasa a cadea de automoción en toda Europa, basicamente obrigados a manter a competitividade ante unha transformación radical do sector, cara á produción de vehículos 0 emisións e cara a electromobilidade. O sector de automoción galego precisa medidas específicas cara a asegurar o seu presente e o futuro da industria da automoción e a mobilidade en Galicia, mentres Europa desenvolve regulamentación específica (Industrial Accelerator Act e Automotion Package nomeadamente) e novos instrumentos de financiamento para o sector, previsibles no vindeiro Marco de Programación Europeo 2028-2034.

V. A importancia do sector de automoción en Galicia é evidente, posto que representa o 14% do emprego directo industrial de Galicia -case 24.000 empregados-, sen contar os empregos indirectos.





En termos de cifra de negocio tamén é un sector chave, posto que en 2025 facturou a cifra récord de 13.300 millóns de euros, case o 15,5% do PIB galego. Outro dato que reforza o impacto do sector é a capacidade de exportación, destina 9.125 millóns de euros ao mercado exterior, o 29,5% do total de exportacións de Galicia. Por último, outro elemento fundamental atópase na súa cadea de valor, unha das máis completas de Europa.

VI. A evolución das tendencias sectoriais no contexto actual ten enfebrece a cadea de valor do sector de automoción de Galicia que se enfronta ás consecuencias dunha transformación a nivel global, ao aumento das esixencias medioambientais, e a competencia tecnolóxica e de mercado nos novos modelos de automóbil, de Asia e USA. A industria galega de automoción ten a necesidade de sobrevivir, mantendo o emprego, e saíndo reforzada deste novo escenario co gallo de transformarse cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, cun liderazgo áxil, quen de adaptarse rápido aos cambios rupturistas.

VII. Conscientes do momento actual, o Igape, coa colaboración de Ceaga, deseñou e puxo en marcha liñas específicas de incentivos nos anos 2024 e 2025, que terán continuidade no exercicio corrente 2026 cun paquete de axudas de 45 millóns de euros, en modelo de subvención directa, concorrencia non competitiva, que supón unha inxección necesaria de financiamento cara a modernización e transformación do sector en Galicia, pero que supón tamén un desafío para o Igape e para Ceaga, cara a facer o mellor uso por parte do sector deste paquete de apoio. O reto do programa é transformar o tecido empresarial da automoción mediante unha transición tecnolóxica, dixital e ecolóxica baseada na innovación e o desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos limpos, intelixentes e sostibles e xeradores de emprego de calidade. Nas bases reguladoras das axudas (2026-2029) definíronse 3 liñas de incentivos:

- Liña de desenvolvemento experimental e innovación (5.000.000 €).
- Liña de protección do medio ambiente incluída a descarbonización (20.000.000 €).
- Liña de investimentos para a modernización e transformación (20.000.000 €).

VIII. A Xunta de Galicia a través do Igape, e Ceaga, consideran que o convenio de subvención é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da actividade nas empresas e a xeración de proxectos de innovación, descarbonización e transformación no tecido empresarial da automoción galega, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados efectivos nas empresas. Dada a especificidade do obxecto do convenio, os antecedentes de actuación e a capacidade de acción singular de Ceaga na cadea de valor da automoción, xustifícase o carácter excepcional e as razóns de interese público, social e económico que aconsellan a concesión dunha subvención directa e non procede a realización dunha convocatoria pública para estas actuacións, debido á súa especialización no coñecemento do tecido empresarial específico e a singularidade para abordalas por parte de Ceaga.

Por todo o anterior, a subscripción do presente convenio de subvención directa representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos de innovación e transformación da cadea de valor da automoción e do interese xeral pretendidos polas partes asinantes e concorren en Ceaga unhas características institucionais singulares directamente vinculadas ao obxecto do convenio, circunstancia que, debidamente xustificada, fundamenta a utilización do mecanismo de concesión directa previsto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con tal motivo, e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E VISIÓN

O presente convenio determina as actuacións que se van realizar para a consecución da máxima participación das empresas da cadea de valor da automoción galega no desenvolvemento de proxectos de alto interese que maximicen o valor dos incentivos designados pola Administración





galega e xestionados polo Igape na *convocatoria de axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción*.

Polo tanto, o obxectivo do convenio é contribuír activamente a que o sector de automoción afronte os piares fundamentais da mellora da innovación, a produtividade, a competitividade e a sustentabilidade do sector de automoción, mediante a detección e definición de diferentes proxectos coa participación do máximo número posible de pemes e grandes empresas do sector.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

É necesario asegurar o máximo rigor técnico na identificación e presentación de proxectos para conquistar os mellores cocientes de captación de financiamento, así como unha adecuada xestión técnica e administrativa dos proxectos, por parte das empresas, en prazo e forma.

En consecuencia, para a consecución do obxecto do convenio, Ceaga desenvolverá o conxunto de actuacións que sexa necesarias, entre outras, as seguintes:

1. Visitar ou xuntar ás empresas do sector para captar e detectar potenciais proxectos en todas e cada unha delas.
2. Asistir ás empresas na preparación e presentación de proxectos de interese para a cadea de valor da automoción, para concorrer á convocatoria do Igape de axudas a proxectos que impulsen e reforcen a transición á cadea de valor do vehículo eléctrico e á descarbonización do sector de automoción.
3. Prestar apoio ás empresas na xestión técnica e administrativa dos proxectos detectados.
4. Deberá tamén asegurar que se cumpren os compromisos de execución nos fitos temporais que se establezan para evitar os descompromisos ou penalizacións que están previstas no programa se se producen atrasos na execución dos proxectos aprobados.
5. Realizar unha labor de avaliación continuada do impacto xerado polos proxectos aprobados, para poñer en valor a contribución destes proxectos tanto ao sector da automoción como diante da sociedade galega, reforzando a aposta do sector e a Comunidade Autónoma de Galicia por un sector innovador, competitivo con vocación de sustentabilidade e de creación de emprego de calidade.

Para a realización das actuacións previstas, Ceaga deberá utilizar os seus propios medios podendo subcontratar ata un máximo do 50% de acordo co previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Se a subcontratación supera o 20% do importe da subvención o contrato debe celebrarse por escrito e ser autorizado previamente pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena.

TERCEIRA. INDICADORES DE EXECUCION E RESULTADOS

Ceaga deberá levar un cómputo continua das tarefas realizadas, as empresas asesoradas e os proxectos presentados e executados de modo que poida xerar un cadro de indicadores ao longo do desenvolvemento das actuacións, cando menos cos seguintes datos:

	Obxectivo mínimo	Obxectivo máximo
1. Empresas contactadas antes do peche da convocatoria axudas	50	50
2. Empresas asesoradas anualmente tras resolución axudas	25	25
3. Empresas supervisadas no ano 2029	Todas as pendentes de xustificación de proxectos aprobados	
4. Solicitudes de axuda presentadas á convocatoria	10	30
	Obxectivo mínimo	Obxectivo máximo
5. Importe de axudas conseguidas polas empresas	5 M€	15 M€
6. Importe pagado respecto ao concedido ás empresas	0%	100%





En función da consecución dos indicadores, o financiamento do Igape variará de acordo co previsto nas cláusulas Cuarta e Quinta posteriores.

CUARTA. FINANCIAMENTO

O orzamento máximo de todas as actividades desenvoltas ao abeiro do presente convenio ascende a 400.000 €; do cal a Xunta de Galicia a través do Igape, financiará un 90%, cun máximo polo tanto de 360.000 € con cargo á partida orzamentaria: 09.A1.741A.7810 para os anos 2026 a 2029.

A subvención do Igape dirixirase ao financiamento nunha porcentaxe do 90% dos custos das actuacións previstas, co seguinte esquema:

- Unha cantidade fixa de 160.000 € para cofinanciar un gasto de polo menos 177.777,77 €, suxeita ao cumprimento dos indicadores 1 e 2 previstos na cláusula anterior.
- Unha cantidade variable de ata 200.000 € para cofinanciar un gasto de polo menos 222.222,22 €, en función do grao de cumprimento dos indicadores 3, 4, 5 e 6 previstos na cláusula anterior. A aplicación deste financiamento variable ven definido na cláusula sétima e no Anexo I. Memoria Económica.

Partida orzamentaria	Carácter	Orixe de fondos	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029	TOTAL
09.A1.741A.7810	Fixo	FFPP	40.000	40.000	40.000	40.000	160.000
09.A1.741A.7810	Variable	FFPP	50.000	30.000	30.000	90.000	200.000
TOTAL:			90.000	70.000	70.000	130.000	360.000

QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES E INTENSIDADE DA AXUDA

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xuño de 2026 e o 30 de xullo de 2029.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acoillida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

2. A contía da axuda concedida a Ceaga será do 90%, tendo en conta as seguintes condicións relativas aos gastos financiáveis:

Os gastos subvencionables serán os seguintes:

- Gastos de persoal dedicado ás actuacións obxecto do convenio.
- Gastos externos de subcontratación de apoio técnico co límite do 50% do orzamento total.

Requisitos dos gastos subvencionables:

- a. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas dende o 1 de xuño de 2026 e ata o 30 de xullo de 2029.
- b. O importe do IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.





O IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

- c. Cando a subcontratación exceda do 20% do orzamento, debe ser sometida a aprobación da Comisión de Seguimento antes da súa contratación.
- d. Será obrigatorio solicitar tres ofertas para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.
- e. A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades.
- f. Os gastos externos xustificados por Ceaga serán, se é o caso, os gastos de contratación de apoio técnico.
- g. Os gastos internos por dedicación do persoal, existente ou de nova contratación, deberán xustificarse coa declaración xurada asinada polo xerente de Ceaga, detallando as persoas dedicadas e as horas de dedicación mes a mes, declaración que será acompañada polas nóminas do persoal incluído nas declaracións e os xustificantes de pago das mesmas.

SEXTA. XUSTIFICACION E PAGAMENTO

1. Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Igape, efectuará o pago da cantidade estipulada no convenio a Ceaga, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada en Igape.

O financiamento de Igape realizarase a medida que se vaian xustificando ante o Igape os gastos realizados por Ceaga sobre os custos apoiados, mediante certificacións semestrais co límite acumulativo do 80% da subvención total de acordo con o artigo 62 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. Neste suposto, exímese ao beneficiario da obrigación de constituír garantía, previa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización do primeiro semestre natural, e antes do 10 de decembro, as do segundo semestre, por vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona na cláusula sétima.

En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución, sempre que se respecten os prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en aplicación da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de empresas.

Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.





2. De non xustificar o importe total das actuacións desenvoltas, se minorará a subvención proporcionalmente, a condición de que se alcance o obxecto do presente convenio.
3. O pagamento realizarase unha vez comprobada a idónea xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

SÉTIMA. FORMA DE XUSTIFICACION

1. Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e conforme o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, Ceaga deberá presentar ante o Igape as certificacións comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa.

As ditas certificacións deberán presentarse antes do 10 de decembro de 2026 para os gastos do ano 2026; ata o 10 de xullo e ata o 10 de decembro en dúas certificacións anuais para os gastos do ano 2027 e para os do ano 2028; e ata o 30 de xullo de 2029 para os gastos do ano 2029. Farase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación:

- a. Certificación do gasto, segundo o modelo do anexo II: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos internos e externos presentados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.
- b. Memoria dos traballos realizados e detalle dos logros acadados:
 - ❖ Empresas visitadas.
 - ❖ Proxectos mobilizados.
 - ❖ Empresas participantes.
 - ❖ Financiamento acadado.
 - ❖ Avances e resultados dos proxectos en cada momento, cando corresponda.
- c. Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no anexo II.
- d. Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.
- e. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 11 deste convenio, Ceaga autoriza a realización desta petición.
- f. Documentación xustificativa do custo externo incorrido mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- g. Declaración expresa de que, se é o caso, as persoas ou entidades contratadas externamente para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
- h. Custos de persoal:





- Certificado de dedicación emitido por Cega, no que deixe constancia documental das horas efectivamente consumidas polas persoas traballadoras imputables ao proxecto, en documento asinado pola persoa responsable da entidade e a persoa empregada.
 - Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.
 - Seguridade social do período que se alega: documento/s de relación nominal de persoas traballadoras e documento/s de cálculo da liquidación e o/s correspondente/s xustificante/s de pago.
- i. Para a consideración do IVE como gasto atendible:
- No caso de estar exento do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): certificación da AEAT de exención do IVE, ou,
 - Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: certificación de situación censual expedida pola AEAT na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.
- j. Cando exista contratación externa e o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- k. Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización das actuacións xustificadas.
- l. Calquera outra documentación ou material que a persoa beneficiaria considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto deste convenio.

2. O pagamento realizarase unha vez comprobada a idónea xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables ou no caso de incumprimento de fitos establecidos, que serán os seguintes:

Para a parte fixa.

Deberán acreditar cando menos 50 visitas ou reunións con empresas do sector antes do peche da convocatoria de axudas, polo menos 25 visitas ou reunións de seguimento anuais nos anos 2027 e 2028 e a visita ou reunión con todas as empresas con proxectos aprobados en execución no 2029.

Para a parte variable:

- O primeiro 30% do total dos custos variables (60.000 €) cando se presenten á convocatoria polo menos 30 solicitudes de axuda. Se o número de solicitudes fose inferior a 30 calcularase a cantidade a detraer coa seguinte fórmula: $3.000 \text{ €} \times (30 - n^{\circ} \text{ de solicitudes})$. Polo tanto, se o número de solicitudes fose igual ou inferior a 10, este valor reduciríase a 0 €.
- O segundo 30% do total dos custos variables (60.000 €) cando sexan aprobados proxectos de automoción por importe de subvención total de polo menos 15.000.000 €. Se os proxectos aprobados non acadan os 15.000.000€ de concesións, calcularase a cantidade a detraer coa seguinte fórmula: $6.000 \text{ €} \times (15 \text{ M€} - \text{concesión total})$. Polo





tanto, se os millóns concedidos fosen iguais ou inferiores a 5 M€, este variable reduciríase a 0 €.

- O último 40% do total dos custos variables (80.000 €) devengarase en función da liquidación realizada dos proxectos aprobados e en proporción á mesma.

Ceaga manterá á disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de catro anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

SÉTIMA. VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de decembro de 2029. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

OITAVA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous representantes de Ceaga, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, tendo que validar o plan de actuacións e autorizar previamente todos os gastos externos xustificables cando excedan do 20% do orzamento.





O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCION

1. Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento do deber da xustificación do gasto realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.
- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do gasto financiable ou do deber de xustificación, serán causa de perda do dereito á cobranza ou de reintegro total da subvención.

3. Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable recollido no anexo I do convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

4. No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no anexo I, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto non xustificado.

5. O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito á cobranza ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

UNDÉCIMA. COMPROMISOS, PUBLICIDADE E AUTORIZACIONS

1. Ceaga comprométese a:

i. Presentar previamente á sinatura do convenio:

- Declaración responsable de que cumpre coa condición de peme de acordo coa definición do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- Documento acreditativo da inscrición dos estatutos, así como das súas diferentes modificacións no rexistro administrativo correspondente.
- Certificación do representante legal da entidade na que conste a identificación dos seus directivos, así como a data do seu nomeamento e modo de elección.
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ii. Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas na cláusula segunda.

iii. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos gastos realizados ao amparo deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa a esta





subvención durante un prazo de catro anos, contados a partir do ano en que finalizan as actividades obxecto da axuda.

iv. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos de Igape co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

v. Comunicar a Igape a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.

vi. Fornecer toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigacións recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme a o establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

vii. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

viii. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ix. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por Igape.

x. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os intereses de demora devindicados desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

xi. Facer constar expresamente a colaboración prestada por Igape, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do logotipo de Igape.

2. Ceaga dá consentimento expreso ao Igape para:

- a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web de Igape, así como outras dependentes da Consellería de Economía e Industria, e no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas no artigo 15.2 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.

3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Con todo, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.





DUODÉCIMA. CONTROL

1. Igape poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.
2. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMO TERCEIRA. ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Toda alteración nas accións para realizar, deberán ser obxecto de autorización por Igape, e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións para desenvolver por Ceaga ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMO CUARTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con Igape, de tal maneira que non se lle poderá esixir a estas entidades responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO QUINTA. AUTONOMÍA DO BENEFICIARIO

Ceaga manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, Ceaga será propietario intelectual dos traballos resultantes, co compromiso de poñelos ao dispor de todas as empresas do sector de automoción de forma indiscriminada.

DÉCIMO SEXTA. NATUREZA XURÍDICA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

1. O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao abeiro do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polas súas cláusulas e polo previsto na dita lei. A achega económica prevista no convenio rexerase, así mesmo, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
2. Igape ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.
3. As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades non económicas por parte da asociación.

Este programa de actividades redundará no beneficio de todas as empresas, e especialmente das pemes, do sector de automoción dunha maneira indiscriminada sen que supoña beneficio económico para ningunha empresa concreta nin para Ceaga, polo que non constitúe axuda de estado nos termos reflectidos nos artigos 107 e 108 do Tratado da Unión Europea.





4. O obxectivo é estimular a competitividade e a innovación xeral e a xeración de proxectos no sector de automoción mediante o asesoramento, o intercambio de coñecementos, a contribución efectiva á transferencia de coñecemento, a difusión de información e a colaboración entre as empresas.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento, na data indicada no pé de firma, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Polo **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE),**

Covadonga Toca Carús

Pola **Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA),**

Patricia Moreira Cortés





ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

O orzamento máximo de toda as actividades desenvoltas ao abeiro deste convenio ascende a 400.000 €; do cal a Xunta de Galicia a través do Igape, financiará un 90% cun máximo, polo tanto, de 360.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para os anos 2026 a 2029.

O cofinanciamento do Igape dirixirase ao financiamento nunha porcentaxe do 90% dos custos das actuacións previstas, co seguinte esquema:

- Unha cantidade fixa de 160.000 € para cofinanciar un gasto de polo menos 177.777,77 €, suxeita ao cumprimento dos indicadores 1 e 2 previstos na cláusula terceira.
- Unha cantidade variable de ata 200.000 € para cofinanciar un gasto de polo menos 222.222,22 €, en función do grao de cumprimento dos indicadores 3, 4, 5 e 6 previstos na cláusula terceira. A aplicación deste financiamento variable ven definido na cláusula quinta e no Anexo I. Memoria Económica.

Partida orzamentaria	Carácter	Orixe de fondos	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029	TOTAL
09.A1.741A.7810	Fixo	FFPP	40.000	40.000	40.000	40.000	160.000
09.A1.741A.7810	Variable	FFPP	50.000	30.000	30.000	90.000	200.000
TOTAL:			90.000	70.000	70.000	130.000	360.000

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xuño de 2026 e o 30 de xullo de 2029.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acoillida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

A contía da axuda concedida a Ceaga será do 90%, tendo en conta as seguintes condicións:

Os gastos subvencionables serán os seguintes:

- Gastos de persoal dedicado ás actuacións obxecto do convenio.
- Gastos externos de subcontratación de apoio técnico co límite do 50% do orzamento total.

Requisitos dos gastos subvencionables:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas dende o 1 de xuño de 2026 e ata o 30 de xullo de 2029.
2. O importe do IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.
3. O IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que





se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

4. Cando a subcontratación exceda do 20% do orzamento, debe ser sometida a aprobación da Comisión de Seguimento antes da súa contratación.
5. Será obrigatorio solicitar tres ofertas para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.
 - a. A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades.
 - b. Os gastos externos xustificandos por Ceaga serán, se é o caso, os gastos de contratación de apoio técnico.
 - c. Os gastos internos por dedicación do persoal, existente ou de nova contratación, deberán xustificarse coa declaración xurada asinada polo xerente de Ceaga, detallando as persoas dedicadas e as horas de dedicación mes a mes, declaración que será acompañada polas nóminas do persoal incluído nas declaracións e os xustificantes de pago das mesmas.

O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais elixibles e o 10% restante corresponde á achega de Ceaga.

Táboa de achegas máximas do Igape:

Partida orzamentaria	Carácter	Orixe de fondos	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029	TOTAL
09.A1.741A.7810	Fixo	FFPP	40.000	40.000	40.000	40.000	160.000
09.A1.741A.7810	Variable	FFPP	50.000	30.000	30.000	90.000	200.000
			90.000	70.000	70.000	130.000	360.000

Así, dado que o Igape subvenciona un 90% dos gastos xustificandos cun orzamento máximo de 360.000 €, o resumo das achegas de cada participante ao convenio é o seguinte:

Acción	Entidade	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029	TOTAL
Apoio para optimizar os resultados da convocatoria de axudas	IGAPE	90.000	70.000	70.000	130.000	360.000
	CEAGA	10.000	7.777,5	7.777,5	14.445	40.000

Condicións para acadar a subvención do Igape:

Para a parte fixa.

Deberán acreditar cando menos 50 visitas ou reunións con empresas do sector antes do peche da convocatoria de axudas, polo menos 25 visitas ou reunións de seguimento anuais nos anos 2027 e 2028 e a visita ou reunión con todas as empresas con proxectos aprobados en execución no 2029.

Para a parte variable:

- O primeiro 30% do total dos custos variables (60.000 €) cando se presenten á convocatoria polo menos 30 solicitudes de axuda. Se o número de solicitudes fose





inferior a 30 calcularase a cantidade a detraer coa seguinte fórmula: $3.000 \text{ €} \times (30 - n^{\circ} \text{ de solicitudes})$. Polo tanto, se o número de solicitudes fose igual ou inferior a 10, este valor reduciríase a 0 €.

- O segundo 30% do total dos custos variables (60.000 €) cando sexan aprobados proxectos de automoción por importe de subvención total de polo menos 15.000.000 €. Se os proxectos aprobados non acadan os 15.000.000 € de concesións, calcularase a cantidade a detraer coa seguinte fórmula: $6.000 \text{ €} \times (15 \text{ M €} - \text{concesión total})$. Polo tanto, se os millóns concedidos fosen iguais ou inferiores a 5 M €, este variable reduciríase a 0 €.
- O último 40% do total dos custos variables (80.000 €) devengarase en función da liquidación realizada dos proxectos aprobados e en proporción á mesma.

Ceaga manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.





ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS

CONVENIO	IGAPE-CEAGA		TITULAR: CEAGA
----------	-------------	--	----------------

GASTOS EXTERNOS	DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO						DOCUMENTO DE PAGO			
	Nº	DATA	PROVEDOR	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL	IMPORTE IMPUTABLE AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	ENTIDADE FINANCEIRA
GASTOS INTERNOS	DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO						DOCUMENTO DE PAGO			
	MES	HORAS	TRABALLADOR	Coste/hora	IMPORTE TOTAL		TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	ENTIDADE FINANCEIRA

	TOTAL ALEGADO		TOTAL PAGADO	
--	---------------	--	--------------	--

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:





Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os ditos gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da ca é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a _____

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria:

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura da persoa representante)

